

Planos e informe de Vicente Risco para a galeguización e a renovación da escola

José FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Inspector de educación (Ourense)

No primeiro terzo do século XX o movemento galeguista formula unha serie de consideracións críticas sobre o estado do ensino en Galicia. Situación que levaría a traballar polo deseño dun novo modelo escolar baseado en presupostos pedagóxicos renovadores. Para os galeguistas, dedicados á docencia moitos deles, o ensino ocupou un amplo espazo nas súas reflexións e propostas de accións. Neste período, a un mesmo tempo, séntanse as bases da moderna pedagogía e da galeguización do ensino, convertendo a Vicente Risco nunha referencia clara de todo canto se estaba a realizar no eido educativo e no galeguismo.

Nesa liña de traballo e partindo dunha sociedade na que todo labor galeguista era un labor de educación social, pois, como el mesmo ben indicaba, todos estaban aquí “precisados d’instrución galega: os nenos e os adultos, aínda os que sabían moito doutras cousas”¹, elabora Risco os seus interesantes planos e informes para a galeguización e renovación da escola; cheos, indubitablemente, de criterios pedagóxicos adquiridos na súa formación ao seu paso pola Escuela de Estudios Superiores del Magisterio de Madrid, promoción 1913-1916.

1. “Plan pedagóxico” e “Informe do irmán Risco” para unha escola galega

Aínda que entre o “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas” (1921) e o “Informe do irmán Risco” (1934) transcorren trece anos e se crían en gobernos dife-

¹ Vid. RISCO, V.: “Do movemento cultural galego. A galeguización da escola”, *El Pueblo Gallego*, 14-I-1931, p. 1. [Tamén reproducido en *A Fouce*, Bos Aires, nº 29 (1-III-1931), sen paxinar]. En *El problema político de Galicia*, Madrid, CIAP, 1930, cap. III, salienta: “El pueblo gallego necesita una educación que levante su espíritu, que no le haga avergonzarse de su origen, que le dé conciencia plena de sus derechos y de sus deberes colectivos; todo gallego tiene derecho a conocer su país, su historia, su tradición, su idioma; el estudio del pasado y del presente de Galicia y de su territorio, de su geografía, de su historia, de su literatura, de su economía, de sus manifestaciones espirituales y materiales...”

rentes, os dous deben debullarse conxuntamente, por teren ambos criterios unificados, permanentes e complementarios. Se ben, deica agora o primeiro resulta máis coñecido debido á incidencia nel doutros estudosos da historia de educación en Galicia; en troques, o segundo, tan interesante, permaneceu esquecido. O citado “Plan” nace por encargo ao profesor da Normal ourensá dos membros das Irmandades da Fala, reunidos na III Asemblea Nacionalista Galega, tida en Vigo nos días 16, 17 e 18 do mes de abril de 1921. Entre os asembleistas figuraban, ademais do propio autor a tratar, os irmáns Ramón e Antón Villar Ponte, Luis Peña Novo, Xohán Vicente Viqueira, Valentín Paz Andrade, Victoriano Taibo, Antón Losada, Otero Pedrayo, entre outros.

Sen agardar, Risco acepta o compromiso e non só elabora o programa encomendado senón que xa nos meses de agosto e outubro do mesmo ano abre na revista *Nós* unha “Sección pedagóxica” na que publica en dúas entregas, números 6 e 7, dito traballo para darlle unha meirande difusión entre os lectores e mestres que figuraban como socios e lectores. Esa “Sección pedagóxica”, que apenas tivo éxito en canto a continuidade se refire², pretendía ser un instrumento ó servizo do propio plano perseguindo varios obxectivos: servir de propaganda para mellorar a eficacia educativa e galeguizante das escolas, informar ós lectores da revista das principais novidades pedagóxicas a nivel mundial e atraer a colaboración de escolantes e profesores comprometidos con Galicia³.

Este “Plan pedagóxico” de 1921 estrutúrase en sete apartados: o edificio escolar, a escola por dentro, a vida na escola, o escolante, os métodos do ensino, o galego na escola e o ensino das cousas da Terra. Nel séntanse as bases fundamentais nos intentos de establecer un ensino primario galeguista, como puxeron de relevo traballos realizados por Sabela Rivas Barrós, Antón Costa, Xosé Manuel Cid, entre outros. A súa reiteración como un plan xeral de referencia a seguir no proceso da galeguización escolar foi constante. Precisamente, ao ano seguinte da súa publicación ratificábanse nel os asistentes á IV Asemblea Nacionalista, celebrada en Monforte, e propúñanse facer propaganda del en diversos estamentos sociais e do ensino, incluída a Universidade. Así mesmo, na súa esencia fora presentado polo propio Risco ao Congreso Pedagóxico Rexional celebrado na cidade da Coruña na primeira semana de outubro do ano 1926 e que, pola súa tinguadura galeguista e as intransixencias políticas do momento, nin tan sequera puido ser defendido. Pese a iso, o ourensán non se desanima e volve propolo novamente en 1928 por mor da preparación dun Congreso Internacional organizado pola “Bureau d’Education” de Xenebra para tratar o ensino nos pobos bilingües. Nesa teima insistente, pasados dez anos dende que vira a luz na revista *Nós*, agora ás portas da II República, dende a plataforma do diario vigués *El Pueblo Gallego* que dirixía o galeguista defensor do Estatuto de Autonomía, Portela Valladares, o pedagogo ourensán nun pequeno artigo titulado “A galeguización da escola” (da que andaban a falar

² A restrición da continuidade da sección puido vir condicionada polo feito de que os problemas educativos abordábanse en páxinas pedagóxicas ou artigos soltos dende xornais como *La Zarpa* (Ourense), *El Pueblo Gallego* (Vigo), *A Nosa Terra* (A Coruña), e outras revistas especializadas.

³ Vid. RISCO, V.: “Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas”, *Nós*, nº 6 (20-VIII-1921), p. 5. En adiante abreviaremos por “Plan pedagóxico...”

tamén nesas páxinas Jesús Bal e o inspector Roxerius), segue remitindo a este plan xeral, dando a noticia, ademais, de que el tiña a idea de que foi reproducido “n-algunha publicación galega de Bós Aires”⁴. Inda máis, cando a “Unión Provincial Orensana” de emigrantes galegos residentes nesta capital bonaerense acorda, nunha assemblea, levar a cabo na cidade de Ourense a creación dunha escola que fose netamente galega e rexentada polo Grupo Galeguista, esta acode a Risco -por consideralo precisamente como un gran coñecedor dos problemas do ensino-, para que realice un informe de planificación, organización, orientación e funcionamento de dita escola⁵. A petición vén asinada, en carta, polo secretario desa entidade J. Sánchez, datada na capital da Arxentina a 3 de febreiro de 1934. Uns meses máis tarde, o profesor ourensán daba a coñecer, dende *A Nosa Terra* (n^{os} 333 e 334), a proposta pedagóxica baixo o mencionado título “Informe do irmán Risco”. Nel remite igualmente ó reiterado “Plan pedagóxico” da revista *Nós* e aporta, para a ocasión, aspectos de carácter práctico que enriquecen a proposta pedagóxica anterior⁶.

É de salientar que o plano publicitado na revista *Nós*, fundada e dirixida polo propio Risco, está dedicado a Ignacio Ares de Parga, un ilustre ourensán formado na ILE en Madrid e amigo persoal de Giner de los Ríos, que estaba a desenvolver un importante labor cultural e de educación social na Arxentina. Este ilustre persoeiro visita Galicia e as escolas de nenos e nenas da “Unión Hispano-Americana de Valle Miñor” xustamente en abril de 1921, por mor de ser designado delegado especial para o acto de inauguración da “Biblioteca América” da Universidade de Santiago, para a cal enviaran dende ese país americano unha importantísima remesa de libros e materiais artísticos. Intre que Risco aproveita para amosarllo e Ares de Parga anticipálle os seus parabéns. Sendo, ademais, esta persoa a que se encargaría de espallalo nese país da diáspora para que fose coñecido polas asociacións de emigrantes galegos alí residentes, algúns dos cales estaban a soste cos seus fondos importantes escolas en Galicia. Mais dado que a súa morte acontece deseguido á visita realizada, Risco vese na obriga de recorrer posteriormente ao seu amigo e escritor Eduardo Blanco Amor para que realice esa función de difusión.

Estes proxectos educativos risquianos principian sempre referíndose ao aspecto físico do edificio, dándolle unha gran importancia por entender que este forma parte do

⁴ RISCO, V.: “Do movemento Cultural Galego. A galeguización da escola”, *El Pueblo Gallego*, 4-I-1931, p. 1.

⁵ Faise mención tamén a esta escola ourensá e a outras sostidas por dita asociación galega de Bos Aires no artigo, sen asignar, “Verbas para os nosos emigrados. Transformación das súas escolas en escolas galegas”, *A Nosa Terra*, n^o 328 (24-III-1924), p. 1. Dende a redacción de *A Fouce* séguese con interese este feito no n^o 64 (1-X-1933); e deseguido, indícasenos que en Bos Aires a idea acolleuse con ilusión e celebrouse unha festa no salón do Centro Asturiano na que se representou a comedia galega de Lugrís Freire *O Pazo* co propósito de recadar fondos para tal creación. Vid. “En prol da Escola Galega a «Unión Provincial Orensana» celebrou con eisito un fermoso festival”, *A Fouce*, n^o 73 (VIII-1934).

⁶ A carta e o informe aparecen publicados conxuntamente en “A escola galega. Carta da «Unión Provincial Orensana». Informe do irmán Risco”, *A Nosa Terra*, n^o 333 (26-V-1934), p. 3; e n^o 334 (2-VI-1934), p.1. En adiante abreviaremos por “Informe do irmán Risco”.

entorno escolar e como tal configura un determinado ambiente no que conflúen unha serie de elementos de disposición interna e externa: estética, emprazamento, distribución de espazos, estrutura, funcionalidade, iluminación e ventilación. Todos estes aspectos condicionan o modo de actuar na aprendizaxe e colaboran na configuración dun estilo educativo. Por tal motivo, o local tiña que reunir unha serie de condicións presentes en calquera manual de organización escolar da época⁷: hixiénicas, pedagóxicas, estéticas e educativas. Condicións que ademais de influíren grandemente na saúde dos escolares, tal como puxera de manifesto o movemento hixienista do pasado século decimonónico, repercutían na asistencia, na ensinanza e na educación total⁸.

Nesa liña, resalta o autor ourensán a necesidade de adaptar o edificio ao espazo socio-ambiental galego como acontecía en Suíza e Alemaña, países nos que este era unha casa máis do pobo. Asemade, para el a estética tiña un gran valor pedagóxico como o tiña tamén para Manuel Bartolomé Cossío. Se ben, aquí o elemento arquitectónico convértese nun factor importante de valores nacionalistas. Con tal motivo, denuncia a falta dunha planificación axeitada a uns criterios serios de edificación escolar en España, país no que preponderaba a libertinaxe en demasía. Ollando no espello europeo, Risco entende que Galicia non tiña porque sentirse menos. Emporiso, suxire que a escola fose unha casa galega, “a mais enxebre de todas”⁹ cun aspecto moderno, pero artístico e ó estilo do país. Nese sentido chega a expresar a súa desconformidade cos edificios “exóticos y-ostentosos” de estilo estranxeiro construídos aquí por colectivos e doazóns benéficas particulares de indianos, por considerar que producían precisamente un contraste brusco entre o que era a vivenda usual e a escola. Pois, tal feito, xunto co estudo da xeografía e a historia do continente americano en detrimento da de Galicia, estimaba que acababa levando á imaxinación dos nenos e nenas lonxe da súa Terra, da súa tradición e, por conseguinte, da educación galeguista. Motivo polo que non reparou en cualificar estes edificios de antigalegos e antipedagóxicos. Unha visión construtiva risquiara que o sitúa na liña do rexionalismo arquitectónico como aportador de gran cantidade de compoñentes simbólicos e culturais que se viña debatendo en España dende as últimas décadas do século XIX e que cobrara gran relevancia no IV Congreso Nacional de Arquitectura, celebrado en San Sebastián en 1915, onde, como sinala, a profesora Purificación Lahoz Abad, nacionalismo e rexionalismo foron asociados nun mesmo núcleo como arte arquitectónico nacional¹⁰.

⁷ Aténdonos a un manual da época, véxase, por exemplo, os capítulos II e III da obra de BLANCO, R.: *Organización escolar*, Madrid, Casa editorial Hernando (S.A.), 1927.

⁸ Dende esta visión de prestar interés ós distintos elementos que interveñen na ensinanza, sostén HERNÁNDEZ, J.M^o.: “La etnografía escolar entre el corazón y la razón”, *Vela Mayor*, Anaya, nº 11 (1997), p. 50: “El edificio escolar, la iconografía, la decoración, la luz, las dimensiones del aula, la distribución de pupitres y mesas, el mobiliario, precisan de una lectura crítica sobre el lugar que se le asigna en la globalidad del aula”.

⁹ Vid. RISCO, V.: “Plan pedagógico...”, citado, p. 5.

¹⁰ Vid. LAHOZ ABAD, P.: “Los modelos escolares de la oficina técnica para la construcción de escuelas”, *Historia de la Educación*, nº 12-13 (1993-94), p. 132.

Tocante a escola por dentro, os plans do pedagogo ourensán introducen conceptos pedagóxicos avanzados e modernos que presentan hoxe en día unha gran actualidade. Transforman o academicismo intraescolar nun acercamento á vida mesma e como un elemento significativo do currículo, cheos dunha liturxia académica transmisora de estímulos, contidos e valores. Dentro desa importancia do espazo-escola, consideraba que a maneira de como estaban estruturadas as aulas parecían máis ben oficinas que xeraban un aspecto “d’inquisición pedagóxica”, conferíndolle a aula tradicional unha sensación de tristura e friaxe. A aula tiña que ser ampla, con claridade, estar limpa, xerar alegría e estar ambientada con plantas e murais representativos de cousas próximas á vida dos rapaces. O ensino, seguindo as novas orientacións pedagóxicas, deberíase impartir nun plano de igualdade entre escolante e alumnos; feito polo que sobrava a “odiosa” tarima, sentándose todos ao carón uns doutros en cadeiras similares¹¹. Seguindo a difusión do pupitre unipersonal¹² que se viña demandando dende finais do século XIX e principios do XX, propón substituír as antigas mesas-banco por outras planas e móbiles, que xa existían, por exemplo, cando realiza o citado “Informe” en 1934 no colexio público de Curros Enríquez e no privado de Concepción Arenal da súa cidade natal.

Na organización da vida escolar Risco ten como principio xeral o respecto á personalidade dos nenos e o contacto máis ou menos intenso coa natureza, fonte inagotable de saúde física e espiritual importado en España pola ILE¹³. Na escola, aparte de fomentar a altivez moral dos nenos tan necesaria para acabar cos complexos de inferioridade e dignificarlos como persoa e como galegos, inculcáranse valores de solidariedade, autonomía e liberdade: deixando á iniciativa dos nenos e nenas a organización de certas actividades. E mesmamente propuña a constitución de tribunais escolares que resolvesen os asuntos de disciplina (algo que nos fai pensar na figura do alumnado como mediador de conflitos escolares existente nalgúns centros educativos da actualidade).

Con todo, no Risco pedagogo, o “escolante ha ser a y-alma da escola”¹⁴. Convérteo nun elemento decisivo da aprendizaxe¹⁵, polo que da súa escolleita depende o éxito ou fracaso escolar. Tanto vale o meste, tanto vale a escola. Nela todo se supedita ás súas condicións: regulamentos, programas, sistemas de organización, métodos e material de ensino. Nas súas mans vén a esta-lo progreso e o porvir dos pobos; pois, como dicía o pedagogo Pedro de Alcántara García, citando a Gil de Zárate, “si un mal médico daña al hombre físico, un mal maestro daña al hombre entero”¹⁶. Así, para o profesor normalista ourensán, nunha escola galega os mestres (os escolantes para el) deben estar

¹¹ Vid. RISCO, V.: “Plan pedagógico ...”, citado, p. 6.

¹² Vid. VIÑAO FRAGO, A.: “Del espacio escolar y la escuela como lugar: propuestas y cuestiones”, *Historia de la Educación*, nº 12-13 (I-XII-1993-94), p. 71.

¹³ Vid. BARREIRO RODRÍGUEZ, H.: “A Institución libre de enseñanza, unha política da pedagogía”, *Sarmiento*, nº 5 (2001), pp. 7-20. Especialmente a p. 18.

¹⁴ RISCO, V.: “Plan pedagógico...”, citado, nº 7, p. 10.

¹⁵ RISCO, V.: “Informe do irmán Risco”, citado, p. 3.

¹⁶ ALCÁNTARA GARCÍA, P. de: *Compendio de Pedagogía teórico-práctica*, Madrid, Librería de los sucesores de Hernando, 1903, p. 255, 3ª ed.

“imbuídos do *Ideal da Raza* e de *Tradición da Terra*“, deben ser galegos e preocupados polo amor e estudo de Galicia, pois, “non abundan as condicións intelectuás e as condicións técnicas. [...] Ten que ser un verdadeiro galeguista, qu’o leve no fondo da yalma”¹⁷. Unha apreciación da relevancia do rol do mestre como principal axente no proceso da ensinanza-aprendizaxe igualmente considerada, dende unha perspectiva nacional -e por conseguinte con outros intereses-, por Barolomé Cossío. Este relevante pedagogo xa, en 1882, pedía que lle desen un bo mestre e el improvisaría aínda o local da escola se faltase, inventaría o material do ensino e faría que a asistencia escolar fose perfecta. Con esta idea, Risco chegou a alabar o *Método de lectura* en galego elaborado, en 1932, pola mestra de Mourente, Josefa Iglesias Vilarrelle, porque probaba “canto o ingenio dun escolante con abellencia podía facer con calquera libro”.

En canto aos contidos, na construción dunha escola galega, no deseño dos seus programas faise especial énfase en dúas vertentes:

- Unha: na introdución de materias referentes a Galicia nos planos de estudos.
- Dúas: o uso do galego, xunto co castelán, é dicir, o bilingüismo, como linguas vehiculares.

Agora ben, onde había que incidir era na necesidade de introducir o idioma galego na escola para que os coñecementos a adquirir fosen comprensibles á mente dos nenos e evitar así que esta fose a primeira causa do fracaso escolar, tatando ao mesmo tempo de que os pobres cativiños –como decía Victoriano Taibo- non saisen dela fartos de labazadas e baldeiros de letras: co galego en bárbaro e o castelán en brutiño¹⁸. Un eido no que non se fixera nada e quedaba todo por facer. Por iso Risco este apartado lingüístico do “Plan pedagóxico” establecendo uns máximos: “O ideal sería qu’o ensino se dera en lingua galega”, e uns mínimos: “O menos que se pode pedir é qu’o galego non sexa sistemáticamente estrañado e botado fora das escolas”¹⁹. Argumenta razóns negativas e vantaxes pedagóxicas. Establece unha serie de pautas graduadas a seguir para ir dando entrada ao galego na vida escolar. No “Informe” marca uns obxectivos mínimos a acadar cando os rapaces saísen da escola: saber ler e interpretar textos, falar sen castelanismos, saber redactar en galego cartas e outros documentos sinxelos, memorizar algunhas poesías das obras máis importantes. Diferenza a escola rural da vilega ou da cidade. Para a primeira apela a que entre o galego indispensablemente, polo menos, na fala onde os nenos son monolingües para que poida haber comunicación entre rapaces e mestres; en cambio nas cidades e vilas a escola pode ser coma a vida mesma: bilingüe.

Nese interese pola introdución do galego no ensino, chega a considerar o sistema escolar como peza clave na unificación (ou uniformación para el) do idioma, por dúas razóns: a primeira, para ensinar unha lingua na escola precísanse regras gramaticais; a segunda, se uns escribían dun xeito e outros doutro era precisamente porque nos centros educativos non se ensinaba esta lingua. Así, pese a non considerarse un filólogo e

¹⁷ RISCO, V.: “Informe do irmán Risco”, citado, p. 3.

¹⁸ Vid. TAIBO, V.: “A fala no ensino”, *A Nosa Terra*, nº 6 (5-I-1917), p. 1.

¹⁹ RISCO, V.: “Plan pedagóxico...”, citado, nº 7, p. 11.

ser consciente da delicadeza do tema, non se privou de realizar as súas propias teorías lingüísticas e de terzar en debates abertos ao respecto en medios como *A Nosa Terra*, *La Zarpa*, *El Pueblo Gallego* ou en *Nós*. Nunha actitude que pode considerarse exemplarizante, sacrificando personalismos, chegaría mesmamente a aceptar as sinxelas *Normas para unificación do idioma galego* aprobadas polo Seminario de Estudos Galegos en 1933 co simple fin de contribuír a unha ansiada estandarización que a lingua galega tanto necesitaba.

O intelectual ourensán entende que o programa escolar dunha escola galeguista había ser como o de tódalas escolas, mais cunha serie de connotacións especiais o suficientemente amplas para crear unha conciencia integral de Galicia. Á defensa do uso do galego, tal como acabamos de ver, engade o ensino das cousas do país. A tal fin, propón incorporar á ensinanza contidos relacionados coa xeografía (non se pode amar o que non se coñece, dicía el), e a historia de Galicia (materia idónea para despertar sentimentos e formar unha conciencia nacional), seguidos de literatura, folclore, arte, ciencias e disciplinas prácticas (agricultura, labores, traballos manuais) con posibilidades de aplicación no chan galego. A estas materias sumaríanse a educación física e a música, disciplinas infravaloradas ou ausentes no ensino e nos planos de estudos das Normas que non se interesaban pola ocupación corporal dos nenos e que el tivera a ocasión de tratalas con rigor na presitixiosa Escuela de Estudios Superiores del Magisterio madrileña.

Risco, coincidindo con Viqueira²⁰ e remitíndonos (como un anexo sempre que fala das súas propostas para o establecemento dunha escola galeguista) ao traballo de José Ramón Fernández-Oxea (Ben-Cho-Shey) titulado *El Canto Regional en las Escuelas*²¹, consideraba que os cantos populares, coma todo o ensino en xeral, non debían ser estraños aos rapaces, pois, tal como recomendaba a pedagogía do momento xogaban coa vantaxe de que moitos cativos xa chegaban á escola con moreas delas aprendidas espontaneamente, porque o folclore era algo innato á vida dos rapaces da aldea. E, dende logo, estes cantos representaban un símbolo de patriotismo con raíces robustas que transmitían infinidade de valores, enchoupados de ancestral vida e ambiente rural. Evidentemente, este traballo de Ben-Cho-Shey tamén fora vetado no relatorio presentado ao mencionado Congreso Pedagóxico Rexional da Coruña, celebrado dentro da floración de congresos na etapa primorriverista e ao que acudiron autoridades educativas, políticas e mestres de todo o territorio galego co fin de dar difusión aos problemas do ensino alí tratados e que afectaban profundamente ao noso sistema educativo.

Como defensor deste tipo de música oral, Risco, aparte de deixarnos unha detallada clasificación das cantigas e de colaborar na súa recolleita impresas a carón da recom-

²⁰ Vid. VIQUEIRA, J.: “Nosos problemas educativos”, *A Nosa Terra*, nº 52 (20-IV-1918), p. 6.

²¹ FERNÁNDEZ-OXEA, J.R. [BEN-CHO-SHEY]: “El Canto Regional en las Escuelas”, Biblioteca Deputación Provincial de Ourense, Arquivo Ben-Cho-Shei, 1º ingreso, inédito. Relatorio presentado cando era Mestre Nacional ó Congreso Pedagóxico Rexional da Coruña de 1926. No mesmo Arquivo aparecen traballos deste educador entusiasmado pola música galega recollendo unha serie de panxoliñas, así como poesía popular e cantigas. Nesa mesma caixa atópase arquivados en varios sobres panxoliñas, poesía popular e cantigas que el mesmo ía recollendo.

pilación do resto da literatura popular na que tanto traballou, chegando a alzarse como unha autoridade nesa materia, aporta dúas importantes consideracións que o fan ser un adiantado no tempo en canto á concepción e metodoloxía dos cantos populares de tradición oral. A primeira está en que observa nestes cantares dúas partes: a musical e a literaria, que constitúen un todo. A lírica popular está feita para ser cantada (salvo quizais algúns parrafeos en verso) e, por conseguinte, deberase estudar conxuntamente coa música; xa que orixinariamente depende desta nos seus metros e ritmos, tal como acontecía nos cancioneros medievais. A segunda consideración vai na liña de que cada cantiga ten un destino preciso para a ocasión que foi composta, cuestión que moitas veces se esquece, mais que sempre se debería ter en conta para non descontextualizalas de forma que acaben perdendo o seu interese etnográfico e o seu valor estético.

2.- Un plano para o ensino da Historia destinado a mestres e alumnado de Maxisterio

Cando Risco levaba once anos como profesor de Historia na Escola Normal de Mestres de Ourense, súmase ás voces que, con certa forza, dende principios do século XX recramaban unha profunda transformación do ensino desta materia a nivel curricular²² e publica, en 1928, *Elementos de Metodología de la Historia*²³. Un manual que tiña como base as leccións orais ou ditadas ao seu alumnado dos catro cursos de Historia na Escola Normal ourensá e que será o reflexo da súa concepción desta materia, das súas ideas pedagóxicas e da súa práctica profesional como ensinante desta disciplina. A obra nace nun intre no que o seu ensino se impartía pouco e mal na escola primaria e con moitos problemas didácticos por resolver en todos os niveis do sistema educativo, que dende a súa época fundacional como disciplina arrastraba catro rasgos distintivos: arcaísmo, nacionalismo, elitismo e memorismo²⁴. Nela próbese sobradamente, dende unha visión crítica, como o pedagogo ourensán estaba ao corrente das teorías pedagóxicas dos grandes autores a nivel mundial tal como as podemos atopar hoxe en calquera manual da historia da pedagogía. Teorías que dende o seu posto de profesor deberían ser transmitidas aos futuros mestres e mestras.

En consecuencia, o profesor normalista ourensán elaborou un plano racional de forma rigorosa e sistemática no que defendía a entrada desta disciplina no currículo escolar dende os primeiros anos do ensino primario. Tramo no cal esta materia, parafraseando as palabras de Raimundo Cuesta, foi sempre “marginal (a veces inexistente), memorística y de mera inculcación nacionalista-religiosa”. Unha situación desoladora e de larga duración para a historia escolar, pois como continúa indicando o citado

²² Vid. CUESTA FERNÁNDEZ, R.: “Voces y ecos de la enseñanza de la Historia en España (1875-1936)”, *Aula*, n° 13 (2001), Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, p. 80.

²³ En honra á publicación deste libro -eloxiado nos círculos universitarios e intelectuais- e polo seu ingreso na Real Academia Galega celebrouse no Hotel Roma de Ourense un banquete no que Blanco Amor leu unhas notas evocadoras da fundamental influencia de Risco nas rotas da mocidade e do rexurdimento de Galicia. Vid. “Os homes, os feitos, as verbas. Banquete ó Risco”, *Nós*, n° 64 (15-IV-1929), p. 69.

²⁴ Vid. CUESTA FERNÁNDEZ, R.: “Tradiciones inventadas: la historia escolar, el profesorado y la didáctica de las ciencias sociales”, <http://www.fedecaria.org/confe2.pdf>. Sen paxinar.

autor: “Ni que decir que el nada estimulante panorama sugerido para el primer tercio del siglo XX no se ve mejorado en la escuela de la posguerra”²⁵.

Con este ambiente en contra, emendado só nalgúnhas minoritarias escolas graduadas das que Galicia tiña pouco de que se gabar, Risco reformula o valor social e educativo do coñecemento histórico fixado no *currículum* oficial e ten o acerto de suxerir unha programación de contidos seguindo unha metodoloxía cíclica e concéntrica na liña da pedagogía da ILE dende os seis ós catorce anos²⁶, especialmente reflectida nos institucionistas Cossío e Rafael Altamira (dende finais do século XIX máximo expoñente da renovación pedagóxica do ensino da historia). Seguindo as tendencias máis avanzadas en educación, é partidario do estudo íntegro da historia en cada un dos períodos (ciclos, anos ou cursos) no que se divide o traballo escolar. A tal fin empeza o seu plano por un cadro moi elemental que se irá ampliando sucesivamente segundo se avanza en idade de escolarización. E, dende logo, insiste en procesos intuitivos, no uso da biblioteca, nas visitas e excursións, na investigación e na necesidade da preparación das clases polo mestre, inda que despois non siga o guión ao pé da letra.

Pode dicirse que Risco se adianta no tempo a aqueles que hoxe defenden a presenza da Historia no *currículum* como disciplina substantiva e autónoma, capaz de colaborar no desenvolvemento cognitivo igual ou superior ó potenciado por outras materias tidas, daquela e agora, por máis proclives ó uso da facultade de razoar. E dende logo dá resposta a cuestións plantexadas por outros historiadores preocupados pola ensinanza desta disciplina como Altamira, que trinta anos atrás puxera en evidencia o descoido dos estudos históricos en tódolos grados do ensino, indicando como a escola elemental se limitaba soamente á nocións de Historia Sagrada, na superior a Rudimentos de Historia y Geografía e nos Institutos a un curso de Historia de España e outro de Historia Universal. Por iso sostíña que “la primera reforma, pues, que necesita la enseñanza de la historia es que se consigne como materia esencial desde los primeros grados; es decir, que se le dedique *más tiempo* y empiece *más pronto*”²⁷.

Bardante, Risco afronta unha serie de cuestións que dende o século XIX en que renace a disciplina historiográfica, se plantexaban en canto a modelos aplicables que o

²⁵ CUESTA FERNÁNDEZ, R.. *Sociogénesis de una disciplina escolar: la Historia*, Barcelona, Ediciones Pomares-Corredor, S. A., 1997, p. 274.

²⁶ Vid. RISCO, V.: *Elementos de Metodología de la Historia*, A Cruña, Nós, 1928, p. 186-190. Na organización dos programas, tal como indica Antón Costa, os métodos cíclico e concéntrico eran os máis usuais nesta época, “avanzando paulatinamente os procedementos intuitivos de ensino, abertos á renovación didáctica ó concedereren máis importante lugar ó alumno e ó entorno sensible”. Vid. COSTA RICO, A.: *Escolas e mestres. A Educación en Galicia: da Restauración á Segunda República*, Santiago de Compostela, Consellería da Presidencia e Administración Pública, 1989, p. 70.

²⁷ ALTAMIRA, R.: *La enseñanza de la Historia*, Madrid, Akal, 1997, Edición a cargo de Rafael Asín Vergara na colección *Referentes para el estudio y la enseñanza de la Historia, la Geografía y otras ciencias sociales*. [A primeira edición é de 1891 na que recollía diversas charlas dadas no Museo Pedagóxico do que Cossío era director e Altamira secretario, editada en Madrid polo Museo Pedagóxico de Instrucción Primaria, Fontanet. A 2ª edición, moito máis completa e definitiva, é de 1895, editada pola Lib. de Victoriano Suárez]. citado, p. 294.

docente debería resolver²⁸. Referíndose ás ideas defendidas por Cousinet, que combatía a historia política e nacional en pro dunha historia das cousas (ideas tamén validadas polo pedagogo suízo Bovet e o novelista inglés H. G. Wells), o intelectual das Burgas incide nunha serie de puntualizacións que, dado o seu interese, resumimos decontado:

1^o.- Sen excederse, non se pode rexeita-lo ensino da historia política porque esta forma unha parte importante da historia da cultura da que non se pode prescindir²⁹. Do contrario, sería falsear a historia, dado que os gobernos e as guerras influíron positiva ou negativamente no desenvolvemento da cultura. Ademais isto sería atentar contra a solidariedade e a unidade que entre si forman tódalas manifestacións da cultura dun pobo, sen que se poidan ensinar separadamente unha das outras sen altera-la verdade.

Por outra banda, cabe pensar que o termo político risquiano é un concepto con certa amplitude de acepcións. Se nos atemos a súa obra *El problema político de Galicia* (1930), escrita en castelán por razóns de editorial, atopámonos conque esta engloba cuestións lingüísticas, económicas, do ensino, demográficas, da raza e, por suposto, estritamente políticas que dan unha visión total e integral dunha Galicia que andaba na procura dun Estatuto de Autonomía que a recoñecese diferente do resto do Estado. Precisamente, moitos deses elementos definidores dun país incorporaríanse case literalmente á afamada obra de Castelao *Sempre en Galiza*, para algúns considerada a biblia do nacionalismo galego.

A súa postura persoal tocante as súas ideas como defensor da paz mundial e de que a historia axude a despertar a preocupación dos xoves por todo o humano, quedan ben claras cando afirma: “El ideal de paz universal es desde luego laudable, aunque a caso no llegue a realizarse nunca; no obstante, claro está que debemos hacer todo cuanto sea posible por la evitación de las guerras”³⁰.

2^o.- Así mesmo, en coherencia co punto anterior, Risco defende o estudo da historia nacional (sen oporse, por suposto, á local e á universal), pois as nacións e os pobos son os verdadeiros órganos de produción e de propagación dunha cultura. A alma nacional é a que crea e transforma cada forma cultural. Non hai formación da identidade á marxe do que aporta o coñecemento da historia a cada cidadán. E nada hai mellor ca historia para espertar e desenvolver os sentimentos patrióticos, dado que estes se deben propagar dende a escola, especialmente os que se refiren a Galicia, que viña de ser considerada unha nación dende o ano 1916 no que este concepto substitúe ao termo rexionalismo³¹. Oponse ó concepto de que este tipo de historia fomenta o

²⁸ Vid. ASÍN VERGARA, R.: “Estudio preliminar”, a ALTAMIRA, R.: *La enseñanza de la Historia*, Madrid, Akal, 1997, pp. 25-6.

²⁹ Tamén para Pedro de Alcántara García os feitos políticos deben formar parte da historia, mais non de forma excluínte senón atendidos por igual con outros elementos coma os costumes, as leis e os progresos do espírito humano de modo que resulte unha historia da civilización do pobo. Vid. ALCÁNTARA GARCÍA, P. de: *Compendio de Pedagogía teórico-práctica*, Madrid, Librería de los sucesores de Hernando, 1903, p. 402, 3^a ed.

³⁰ RISCO, V.: *Elementos de Metodología de la Historia*, citado, p. 196.

³¹ Sobre a importancia da educación cívica e o patriotismo, véxase FERNÁNDEZ SORIA, J.M.: *Educación en valores. Formar ciudadanos. Vieja y nueva educación*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2007, p. 129.

odio entre os homes, dado que ensina un ideal que está por enriba do egoísmo individual, mantén a fidelidade a unha tradición e o deber de contribuír a unha obra común de melloramento. Criterios presentes en Ernest Lavissee, para quen, no seu libro escolar *Histoire Générale*, as nocións de historia xeral impartidas no ensino serán un complemento natural da historia de Francia e do seu patriotismo,

“car on ne sait pas toute l'histoire de son pays, si l'on n'a point appris quelle place il occupe dans le monde. Elles [notions d'histoire générale] seront aussi le complément de l'éducation patriotique: nos enfants doivent apprendre, dès l'école, pour y réfléchir ensuite, quels sont les *intérêts* de la France, quels *dangers* la menacent, quelles *espérances* lui sont ouvertes, quels *devoirs* lui sont imposés”³².

Nesa mesma liña, o profesor de pedagogía próximo á ILE, Pedro de Alcántara García, considera esta materia como unha “escuela de patriotismo”³³, dado que co seu ensino a patria deixa de ser unha fría abstracción e convértese nunha viva realidade, cuxos destinos segue o neno a través dos séculos. O inspector de primeiro ensino Agustín Serrano de Haro aínda vai máis alá ó indicar que a formación do patriotismo non exaltado é un dos aspectos da educación “case exclusivamente confiados ó ensino da Historia”³⁴. Un postulado radicado tamén no principio filosófico no que tantas veces ten mencionado Risco de que resulta imposible amar o que se descoñece.

3º.- En canto á historia das cousas (vivenda, calefacción, alumeado, vestido...) tan en boga en Francia e preconizado por Cousinet –ou nos famosos centros de interese de Decroly pretendendo ensinar todo arredor destes centros-, para o ourensán resulta demasiado materialista, pois limita o estudo da historia á cultura material e non atende ós bens do espírito que son os constitúen a verdadeira cultura que deben aprender a estimar os rapaces na institución escolar. Substituíndo a historia dos homes pola historia das cousas deshumanízase e desnacionalízase a historia, na que “por encima de todos sus intereses prevalecerá siempre la verdad de que la historia es la historia de los hombres, y no la historia de las lámparas ni de los embutidos”³⁵.

4º.- Defende a neutralidade doutrinal; mais suxerindo ó mesmo tempo unha inclinación ó pacifismo e ó universalismo dáse unha contradición por seren estas últimas doutrinas perfectamente definidas. En nome de ningunha das dúas se pode combater a historia nacional.

³² LAVISSE, E.: *Histoire Générale*, Paris, Librairie Armand Colin, 1904, p. 2 [“Prólogo”], 19ª ed. O libro estaba destinado especialmente para o alumnado candidato ó Certificado de Estudos Primarios e ó ensino secundario.

³³ ALCÁNTARA GARCÍA, P. de: *Compendio de Pedagogía teórico-práctica*, Madrid, Librería de los sucesores de Hernando, 1903, p. 400, 3ª ed. Obra redactada para que servise de guía ós mestres, ós opositores ás escolas e ós alumnos das Normais.

³⁴ Vid. SERRANO DE HARO, A.: *Métodología de la Enseñanza de la Historia*, Madrid, F.A.E, 193-?, p. 12.

³⁵ “MARTÍNEZ RISCO, Vicente”, RAG, Ciaxa 140, sen datar e paxinar [apuntes correspondentes a *Elementos de Metodología de la Historia*]. O antimaterialismo de Risco resulta evidente nesta concepción dos contidos históricos, indicando ademais, que “Estos buscadores del «progreso» constituyen una pedagogía a la vez revolucionaria y filisteo y una historia enteramente falsa”.

Sen dubida, os puntos anteriores posicionan a Risco á hora de afrontar o problema nacionalista e o movemento pacifista. Non establece dicotomías de si historia xeral ou nacional, historia política ou historia da civilización como acontecía con moitos historiadores de raigame decimonónica e acentuada posteriormente cos nacionalismos emerxentes trala Primeira Gran Guerra. Como ideólogo do nacionalismo galego, non ve odio na historia nacional; ó contrario, esta forma parte dunha realidade que non se debe ignorar e a súa vez resulta positiva para fomentar a solidariedade entre as culturas e pobos, ademais de contribuír a mellorar as sociedades presentes e futuras. Unha postura que nun simil comparativo, se cabe, o aproxima ao seu admirado líder indio Gandhi de que precisamente Risco era universalista por ser nacionalista; ou, se se quere, nas propias afirmacións máis clarividentes do seu colega e amigo xeracional Florentino López Cuevillas cando opuña o nacionalismo ó imperialismo, pero non así ó universalismo³⁶.

Un concepto que se aproxima ó home como cidadán do mundo. De feito, na elaboración do seu plano para o ensino da historia na escola que adxuntamos, este comeza precisamente pola historia local, continuando nas seguintes etapas pola rexional, nacional e universal, cos seus respectivos métodos segundo a evolución psicolóxica do alumno. Plano que se estrutura en catro etapas ou graos, de dous cursos de duración cada un, perfectamente sistematizado e gradualizado. Dado que os coñecementos humanos están en relación e serven de auxilio uns a outros, propón que o seu ensino se relacione coas demais materias, tomando como punto de concentración a arte e a literatura popular. Parte dos coñecementos previos ao alumno, por seren estes os máis significativos no proceso da ensinanza-aprendizaxe. Pon en contacto directo ós nenos coas formas de vida, presentando as cousas no seu estado natural. Acolléndose ás ideas da Escola Nova³⁷, adapta o ensino ó desenvolvemento natural da intelixencia do alumno, tendo en conta as súas necesidades, as súas curiosidades, as súas esixencias, de maneira que toda noción, calquera que sexa, se lle presente cando o desenvolvemento intelectual permita comprender e assimilar todo o seu alcance e utilidade. Nel confire un gran valor á narración, tan usado polos mestres alemás e sostido pola escola pedagóxica Herbart-Ziller (que propuñan que o ensino desta materia histórica comezase co inicio da vida escolar), resaltando o amor dos nenos polos contos coma o primeiro espertar ó interese histórico³⁸. Unha valoración da oralidade como un recurso importante na aprendizaxe presente nas culturas orientais, no pensamento romántico alemán, na reforma Gentile italiana e no Instituto J. J. Rousseau de Xenebra, fontes nas que bebe o profesor da Normal ourensá.

³⁶ CID FERNÁNDEZ, X.M.: “O pedagogo”, en FUNDACIÓN VICENTE RISCO: *Vicente Risco. O mestre sempre vivo*, La Voz de Galicia-Biblioteca Gallega, 2003, p. 72.

³⁷ Vid. LUZURIAGA, L.: “Algunos aspectos da la Educación Nueva”, Madrid, Conferencia editada por el Centro de Intercambio Intelectual Germano-Español, 1928, p. 9 [a conferencia deuse neste centro o 17-XII-1927]. Neste mesmo artigo o autor maniféstase sobre a dificultade que engloba a definición de Educación Nova.

³⁸ Vid. HINSDALE: “Los métodos de enseñanza y condiciones del maestro”, en VV. AA.: *La enseñanza de la Historia*, Madrid, Ediciones de la Lectura, s. d., p. 89. [Tradución de Domingo Barnés]

En definitiva, o programa deseñado por Risco non deixaba de ter a súa aplicación práctica, tal como se demostra nas clases de xeografía (disciplina moi emparentada coa historia) impartidas por Ben-Cho-Shey, nas que a escaseza de recursos se suplían con enxeño do mestre :

“Siguiendo el plan que habíamos trazado de hacer la enseñanza ocasional y aprovechar el tema o motivo como centro de interés, fuimos haciéndonos poco a poco nuestra Geografía con los datos preciosos que nos proporcionaba aquella costa brava del Promontorio Artabro, que encierra en sí todo un curso completo de fisiografía [...]”

Y así, partiendo de aquella realidad conocida, fuimos ensanchando lentamente los dominios de sus conocimientos geográfico, y un día se dibujó el plano de la escuela, orientándolo y señalando las calles en que estaba enclavada; otra vez nos ocupamos de la organización del pueblo o entidad parroquial, con los caseríos que la componen, sus accidentes geográficos, servicios de que está dotada, autoridades, etc; más adelante hicimos el estudio del Municipio, ampliando las noticias y detallando el número y situación de los pueblos que lo constituyen para seguir en otra lección ocupándonos del partido judicial, y ampliando la zona de nuestros conocimientos fuimos ascendiendo a la provincia primero, a la región después y por último a la Nación.

La organización de la escuela comprendía tres grupos o secciones y, como es natural, en estos trabajos no tomaban parte más que los del grado segundo y tercero que los redactaban con arreglo a su capacidad y a sus conocimientos, trabajos que iban siempre acompañados de los mapas correspondientes.

Conviene advertir que estos chicos en su vida habían dibujado un mapa, y a fuerza de constancia y de hacer y rehacer llegaron a trazar con bastante exactitud, y desde luego con gran sentido de las formas geográficas, mapas de tan complicada configuración como los de Europa y América.

Para el estudio de las divisiones administrativas de España o del mapa político Europeo, no solamente dibujaban éstos, sino que haciendo el dibujo sobre cartulinas se recortaban las naciones europeas, o las regiones o provincias españolas y barajándolas luego, jugaban a formar de nuevo el mapa cual si se tratase de un rompecabezas, en cuya tarea sentían gran placer y aprendían con más comprensión que por el antiguo procedimiento de golpear los mapas con un puntero, cantando unos nombres que nada les decían”³⁹.

3. Conclusións

A galeguización e a renovación risquiana da escola é un concepto amplo e complexo. Amplo porque abarca edificios, métodos, disciplinas, profesores, lingua e calquera outro elementos que interveña no proceso educativo. E complexo porque representa a simbiose entre as novas tendencias pedagóxicas e as propostas nacionalistas. Á súa vez, entende a formación como un factor de cambio. Mediante a transformación da escola quería tamén transformar a sociedade galega. Nesa liña do galeguismo o seu prestixio

³⁹ BENSO CALVO, C. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X.: “Jose Ramón Fernández-Ojea, mestre. Memorias do seu paso por dúas escolas galegas”, *Sarmiento*, nº 10 (2006), p. 280.

levouno a ser a persoa escollida nas xuntanzas das irmandades e doutras asociacións para a confección de programas de ensino galeguista, inda que o seus proxectos se atoparon sempre coa dificultade da súa posta en marcha por mor da política educativa centralista e uniformista do Estado, cando non pola censura. Aínda hoxe, sendo Galiza autónoma, continúa custando traballo a galeguización do ensino. E nese intento, moitos consideran a Risco a “tía vella” do galeguismo.

1. Plan pedagóxico pr' a galeguización d' as escolas

*Pró merecerste pedagogo y-antusiasta
patriota galego lñacio Ares de Parga*

I O Edificio escolar.

II A Escola por adentro.

III A vida n-a Escola.

IV O Escolante.

V Os métodos d' ensino.

VI O galego n-a Escola.

VII O ensino das cousas da Terra.

I.- EDIFICIO ESCOLAR

Ten que xuntar: *Condicións hixiénicas* (que sexa sán). *Condicións pedagóxicas* (que sexa apropiado pr' o seu ouxeto). *Condicións estéticas* e *condicións educativas* (condicións que dependen as unhas das outras, as condicións estéticas sendo de seu educativas).

A) Condicións hixiénicas.- Han ser: as xenerás requeridas n-esta clás de edificios, e mais as qu' impón o clima especial da nosa Terra.

Por eixemplo: as nosas escolas precisan, pra teren boa luz, fiestras mais abertas que nos países do Sul, por mor dos nublados. Non deben ter terrazas, por mor da humidade e das chuvias qu' obrigan a qu' os tellados deban ser saledizos, os balcóns cubertos, etc.

B) Condicións pedagóxicas.- N-esto teñen qu' estar ás regras xeneraes dos edificios escolares.

C) Condicións estéticas.- A beleza do edificio escolar ten unha fonda importancia educativa. Compre atender mais ben á beleza do que á ostentación. A escola non precisa ser grandiosa, e si o é, por elo pode perder en beleza.

Efeutivamente: a beleza d' un edificio proven de duas cousas: da apropiación pr' o fin qu' ha cumprir, e mais da súa adecuación ó sitio onde está.

A escola non precisa un pazo; despois de todo, coa natureza diante, abonda co escolante, a tiza y-o encerado. A casa-escola non debe desentonar da

paisaxe, senon que se debe incorporar a il com' un elemento mais de beleza, de xeito que pareza que naceu elí, e non que é unha cousa postiza.

Debe, pois, com' en Suiza y-en Alemaña, ser feito no estilo do país. Debe ainda tela *coor* do país. A escola non debe endexamais sacar os nenos do seu médeo natural.

O neno pol-o tanto non se deb' atopar diante d' un edificio ostentoso, onde somella que ll' han dar d' esmola o ensino y-a educación. A escola debe ser cousa familiar ós rapaces, que non choque c' os seus costumes, c' o que están afeitos a ollar na aldeia ou na vila: unha casa que imitándose ás casas ond' iles viven, sexa ó tempo mais crara, mais sana, mais leda, mais garimosa, que lles poda servir d' eixempro de curiosidade e de bó goberno, eixempro fáctile d' imitaren, xa que lles ha mostrar coma se pode vivir con limpeza e comodidade sen ser rico nin ter un pazo fantasioso.

Iste punto é do meirande intrés, n-unha educación galeguista: mal pode esta principiari coa suxestión esótica d' un edificio d' estilo estranxeiro –as mais das veces d' unha arquitectura absurda e d' un gusto detestable- que leva a maxinación dos nenos lonxe da nosa Terra e da sua tradición, tradición qu' ha sel-a raiz y-a semente do progreso nazonal... lses edificios esóticos y-ostentosos, son atigalegos y-antipedagóxicos. Hai ademais qu' evitar ise contraste brusco antr' a casa y-a escola. Todo iso ten unha aución destrutora nos espritos.

Sexa a escola unha casa d' aspecto modesto, pro artístico, e com' en Suiza y-Alemaña, do estilo do país.

II.- A ESCOLA POR ADENTRO

Os mesmos principios pódens' apricar ó aspecto das salas de clase. Deixamos a un lado, pol-a sua ben coñecida xeneralidade, as condicións hixiénicas e pedagóxicas, pr' atendermos xustamente ós aspectos estético y-educativo.

Pirmeiramente, diremos que compre prescindir de todo o *aparato académico* que lle dá á aula tradicional unha esteriodidade de tristura e de friaxe qu' arripia: as horrendas mesas-bancos y-a odiosa tarima do profesore... Fóra todo aspecto oficiñesco e d' inquisición pedagóxica.

Unha sala ampla, crara, limpa e leda. O material d' ensino aparecendo cand' un vaia faguer usanza d' il. O escolante sentado á veira dos rapaces, n-unha cadeira com' a d' iles.

A friaxe das paredes lisas pódese temperar con cadros, ou millor ainda con pinturas muraes. Estas pinturas deben ser a un tempo decorativas, istrutivas y-educativas. Deben repersentar cousas da nós Terra, suxestivas e ledas, propias pr' erguel-o espírito dos pequenos. Os nenos irán d' iste xeito arreparando en como as cousas qu' o arrodean, son fontes d' ispiración artística e d' ornamento. A Arte amostraralles a beleza das cousas familiares, n-

as qu' un pol-o común non arrepara. Poden tamén esas pinturas repersentar cousas –sempre nosas- qu' o escolante irá pouco a pouco espricando e revelando á contemplación dos rapaces.

As plantas y-as froles adornando as salas de clase, son un pouco de natureza qu' entra na casa, e non é boa educación a que non fai amar á Natureza... No noso caso, amar á nosa Terra, que é pra nós o resume e compendio da natureza inteira. Sirven tamén pra estimular-o istinto artístico dos rapaces.

III.- A VIDA NA ESCOLA

Mais qu' os procedementos direitos d' educación, é a orgaizazón da vida escolar a qu' educa, por iso, eiquí, ímonos ocupar de toda a misión educativa da escola.

Principio xeneral: Respeito á persoalidade dos nenos.- O contauto mais intenso, mais fondo coa natureza -coa santa Terra galega- fonte inesgotabel de saúde físeca y-espíritual.

- Ora, poñamos pirmeiro a
- **Educación moral e social:** O desenvolvemento do caraute individual.
- O desenvolvemento do caraute galego (étnico).
- Compre partir dos carauteres *hereditarios* pra formármol-os *adquiridos*.
- Carauteres hereditarios: *cultural-as virtudes propias da nósra Raza:*
- Sereidade de xuízo.
- Dureza pr' o traballo.
- Cachaza pra sofril-as penas.
- Boa crianza natural.
- Prudencia.

Irmos *correxindo os nosos vicios*. D' istes, o que mais nos daña, é sen dúbida a homildeza, o encollimento, iste terse en pouco que nos desarma pr' a loita pol-a vida. Hai que suxerir-lles ós nenos a *altivez moral*, que debe sel-a caraiterística de todo galego, a concencia da nosa dinidade coma persoas e coma galegos.

Carauteres adquiridos: Compre cultural-as virtudes sociais qu' os galegos temos esquecidas:

- Independenza moral.
- Desintrés.
- Soberbia (conceuto do propio valor, *altivez moral*).

- Instinto de solidaridade.

Eu penso que se poden cultivar e faguer xurdir estas virtudes na vida escolar, deixando ós nenos unha grande autonomía, unha ampla liberdade; deixando á sua *iniciativa*, e pol-o tanto á sua *responsabilidade*, unha chea de cousas que se deben deixar.

- Elas poden ser: A orgaizazón, plan e coidado das excursiós e paseios.
- A orgaizazón de festas e merendas escolares.
- A orgaizazón dos xogos e deportes.
- A intervención no mantimento da disciplina.
- O xuzgal-a conduta dos compañeiros. (Tribunás escolares).
- A direición de certas clases, como:
 - Os cantos.
 - Os traballos manuás.
 - A xinasia.
 - Os traballos no xardín.
 - As esperencias de fiseca.
 - A confeución do material d' ensino.

Todo, naturalmentes, baixo a vixilancia do escolante, pro compre faguerlles collel-o costume de *se valeren por sí mesmos e de s' axudaren os ús ós outros*.

O sentimento da Terra. Enxebriismo y-amor á patria Galega... Isto pertence á educación moral e social, á educación estética, á educación intelectual. O sentimento da Terra ten que sel-a base da nosa educación e do noso ensino.

Hai que faguer qu' as pirmeiras impresión qu' o neno reciba sexan enxebres, qu' a escola sexa un prolongamento do seu ambiente natural galego, qu' estean os nenos o mais tempo posible en contauto coa Terra, coa meiga paisaxe, faguendo amiudo excursiós pol-a campía, de tan fondo efeuto educativo e istrutivo, pois n-elas todo se pode ensinar: xeografía, botánica, zooloxía e zootecnia, agricultura, meteoroloxía, astronomía, contos, traballos de mau, hastra se poden pintar co dedo na Terra as primeiras letras...

O escolante descubriralles a beleza incomparable da nóa Terra e diralles com' ela a todos nos cría e nos mantén; xogará coiles os xogos ancestraes, cantará coiles as cántigas da Terra, e cand' estean cansos, contaralles contos, leendas e tradición do pasado de Galiza.

Hai logo outros médeos indirectos pr'o espertamento do amor á nosa Terra, ós que nos referiremos ó falarmos dos *Métodos d' ensino* e do *Enseño das cousas da Terra*.

A educación físeca y-os xogos. En primeiro lugar compre qu' a vida escolar sexa o mais móvil que sexa posibel. Non convén ter ós nenos as horas mortas sentados ás mesas, non sendo cando teñan qu' escribir.

O millor sería que nos días que se poidera, a maor parte das clases se dera ó aire, no xardín ou no campo.

A xinasia rítmica e respiratoria, os exercicios hixiénicos graduados non se deben descoidar, mais débense misturar cos xogos xinástecos naturaes dos nenos, os xogos tradicionaes y-enxebres, e logo, os deportes formás, antr' os qu' está especialmente recomendado o *fútbol*. Unhos y-outros xogos deben ser oxeto d' ensino na escola.

Os xogos non sirven somentes pra educación físeca. Hai xogos xinástecos y-hainos d' outras moitas clases. O xogo, intuitivo nos rapaces, é un exercicio preparatorio de tódal-as autvidades do home. En aproveitál-os xogos pr' a educación y-o ensino, vese o méreto do bó escolante. Ora, o folk.-lore galego ofércenos un verdadeiro tesouro de xogos educativos, qu' os escolantes deben estudar e coñecer pra aproveitálos y-apricálos na escola.

Os cantos escolares. Eiquí, as cántigas da Terra áchanse especialmentes recomendadas, e xa se cantan en moitas escolas de Galiza... A pedagogía moderna recomenda os cantos do país.

Cada escola pode formar cos seus alumnos un coro enxebre, hastra co seu pequeno cadro de decramación –como pode ter un ou mais equipos de *fútbol*-. Logo podíanse orgaizar concursos de coros e campeonatos escolares, d' un gran efeuto pr' a educación artística e pr' o milloramento físeco da Raza galega.

IV.- O ESCOLANTE

O escolante ha ser a y-alma da escola. Mais pra eso cumpre qu' o escolante teña esprito, que teña *ideal*. Compren escolantes imbuídos do *Ideal da Raza* e de *Tradición da Terra*.

Pra esto, o primeiro é qu' os escolantes que rixan as nósas escolas sexan galegos; o segundo é que estudien e amen a Galicia.

Ora, como n-as Escolas Normais non s' estuda nada galego, cumpre qu' os escolantes adiquiran fóra d' elas o coñecemento, o mais fondo posible, da nosa Terra. Pra eso, hai que porlles nas maus os medeos: libros, cursos, conferencias, etc.

Esto fica á iniciativa dos fundadores das escolas e mais dos homes de boa vontade.

Por eixemplo: publicaciós especiais –libros e revistas- qu' os escolantes podan adequerir por suscripción ou prezos especiais.

Donativos d' obras pr' as bibliotecas escolares. Cursos gratuitos pr' escolantes.

Confrencias ambulantes pol-as escolas pra escolantes y-alunos; é dicir, compre axudar ó escolante no seu labore.

V.- MÉTODOS D' ENSEÑO

Duas regras xeneraes: a meirande *atividade* da parte dos nenos (auto-aitividade), y-a constante apelación á *intuición* sensibel.

Intuición *direita*: vel-as.cousas- Buscand' os eixemplos de todo (xeografía, ciencias naturaes, estoria, arte) na nosa Terra.

Intuición *indireita*: suxeril-o remoto por medeo do qu' está perto.- Poñer en comparanza as cousas de fóra, das que falan os libros, co' as cousas nosas.

A intuición y-a manipulación das cousas da Terra, ten ademais por efecto o saber *miralas* –*aprecialas*- atopal-a razón de *porque son coma son*, ou *porque se fan coma se fan*.

Esto é fáctile. Hai algo mais difícil e mais fondo:

O estudo y-aproveitamento pedagóxico dos hábitos *mentaes* –contidos hereditarios do espirito: *elementos apercipientes*- dos nosos rapaces.

Esquí ven a aplicacón dos métodos aproveitables da Paidoloxía (eiquí: psicoloxía diferencial da Raza nos nenos).

VI.- O GALEGO NA ESCOLA

O ideal sería qu' o ensino se dera en lingua galega.

A apelación á núa fala é indispensable, pol-o demais, pol-o menos n-as escolas ruraes, si é qu' o escolante s' ha faguer comprender verdadeiramente dos rapaces.

O menos que se pode pedir é qu' o galego non sexa sistemáticamente estrañado e botado fora das escolas.

1º.- Pol-o desprezo da lingua principia o desprezo da Terra y-o desapego a ela.

2º.- Suprimir o galego equival a condenar a morte o noso pensamento y-a nosa literatura.

3º.- O ter en pouco á nosa fala axuda cáxeque nun todo á probe idea qu' o galego ten de sí mesmo.

4º.- Ventaxas pedagóxicas do galego:

Poñer o que s' esprique n-esta lingua mais ó alcance da intelixencia dos nenos.

Empregado alternando co castelau, favorece a memoria complicitiva.

Facilita o ensino do castelau pol-a comparanza das duas lingoas.

Influye na formación dos sentimentos:

- Primeiro: poque é un medeo d' erguel-o sentimento da Terra.
- Segundo: pol-o que influye na educación do carauter o seu xeito especial, doce, suave; pol-a sua *musicalidade*.

5º.- Derradeiramentes: ninguén pode poñer en duda a ventaxa grande de poseer dous idiomas en troques de poseer un só. Non imol-os galegos perder estúpidadementes esta ventaxe, esquecendo a nósua lingua materna. Ora, estas dúas lingoas que nós temos, pásalles:

A *oficial* (castelau) é unha das que se falan por maor número d' almas no mundo. Ela ábrenos todol-os países da fala castelá.

A *nósa* (galego) na sua forma portuguesa –galego e portugués son dous dialectos d' unha mesma lingua- é unha das mais estendidas pol-o mundo, mais ainda qu' o castelau. Ela ábrenos todol-os países da fala portuguesa.

Tontos seríamos se perdéramos unha d' estas podentes armas de loita pol-a vida e de formación de cultura. O galego pode co' elas, abarcar dúas civilizacións.

Pol-as razóns devanditas, o galego debe entrar na vida escolar.

O menos que se pode faguer n-iste senso é:

- a) Non prohibire ós rapaces o falaren galego. Iles poderán falalo nos seus xogos, nas suas conversas, hastra responderen en galego ás preguntas do escolante. Iste pode dar eixemplo dirixíndose a iles, pol-o menos algunhas veces na nosa lingua.
- b) Ó insiñare a lingua e gramática castelá, faguer comparanza co' a lingua e gramática galega, faguendo notar ben as somellanzas e as difrenzas antr' os dous idiomas, maneira de qu' os rapaces adeprendan a falar verdadeiro castelau e verdadeiro galego, e non galego misturado de castelau, ou un castelau que é galego literalmentes traducido.
- c) Faguer tres veces ou mais á semán, pol-o menos, leuturas de poesías e de prosas galegas, ben escolleitas pra leeren os rapaces e debidamente graduadas.
- d) Estas leuturas –coma total-as leuturas escolares- deben ser espicadas e comentadas. Con ocasión d' elas, o escolante pode dar ós nenos unhas nociós de literatura galega e falarlles das vidas dos autores de mais nota.
- e) Cos rapaces mais adiantados –os dous últimos grados- xa se pode darlles unhas nociós de gramática galega y-hastra poñerlles algunhas veces exercicios de redución e composición en língua galega.

VII.- O ENSEÑO DAS COUSAS DA TERRA

O primeiro é coñecer ben cada un o seu país. Isto non admite discusión, isto é dogmático na pedagogía moderna.

Un ensino verdadeiramente galego, debe comprender:

Xeografía de Galiza.

Estoria de Galiza e vidas de galegos ilustres.

Língua e literatura galega.

Arte galega.

Ciencias e disciplinas prácticas (agricultura, endústreas, labores, traballos manuais, etc.), con aplicación á nosa Terra.

A) A Xeografía de Galiza.- Seu valor istrutivo: Teoricamentes:

1º.- Dónanos o coñecemento do que é unha *rexón xeográfica* (conceito fundamental na xeografía moderna).

2º.- Vemos nela a aplicación concreta de todos os coñecementos de xeografía xeneral, que d' iste xeito s' atopan na realidade palpable e inmediata.

3º.- Sirve de preparación pra suxerir o remoto por médeo do próximo, de modelo, de termo de comparanza pra todas as outras rexións xeográficas que s' estuden.

4º.- É a base de todo o demais que un galego teña que saber tocantes á sua Terra.

Practicamentes: o estudo da Terra galega pra sabermol o partido que podemos sacar dos seus recursos naturais, pro noso melloramento económico e social.

Seu valor educativo:

- Pr' a crianza do sentimento galego, pra lles dar ós rapaces o amor da Terra, é indispensable o estudo da xeografía. O home compre que coñeza o qu' ha d' amare.
- *Métodos:* Primeiro de nada, débese' ensináre a xeografía de Galiza, logo a da Hespaña, dempois a Universal.
- Galiza debe ser espicada en conxunto, com' unha unidade xeográfica, com' unha rexión natural. Non se debe espoñel-a xeografía de Galiza por provincias. As divisións administrativas non son realmente xeografía, senon cousa acidental. Débese dar preferencia á xeografía científica y-económica.
- Débese' empregar constantemente o mapa, con referencias ás cousas vistas (lembranzas de viaxes, excursións, etc.)

B) A Estoria de Galiza.- É o que mais pode contribuir a valorar a Galiza ó ollos dos seus fillos. Compre que cada y-alma galega se non sinta isolada, senon ligada a unha tradición, á tradición da sua Terra.

Ora, esta tradición non consiste precisamentes en feitos polítecicos, senon nos feitos culturaes.

A Estoria de Galiza debe ser unha estoria da civilización galega.

Pra esto: as visitas ós moimentos, ós museus, a ilustración das leucióis con proyeucióis, con láminas, con dibuxos.

As vidas de galegos ilustres –d' un gran valor pra educación moral- poden servire de libro de leutura. Ademais, compre qu' o escolante ll' as conte con calor ós rapaces e qu' os poña com' eixemplo dino de louba.

C) Xa nos temos referido á língoa e literatura galega en capítulo aparte.

D) Arte galega.- Esto entra no estudo da Estoria, mais compre faguelo entrar tamén nos traballos manuás e mais nos mesmos xogos.

Hai qu' amostarilles ós rapaces non somentel-as cousas qu' a estoria de Arte adeprende, senon tamén aquelas artes menores nas qu' o pobo pon o seu istinto artísteco e decorativo, ó qu' hoxe se da tanta importancia. Os oxetos d' arte popular, ademais de seren amostrados ós rapaces pra lles faguer aprecial-o méreto que teñen, deben ser postos coma modelos pros exercicios de composición decorativa no ensino do dibuxo e dos traballos manuás.

E) Apricación das disciprinas práutecas á nosa Terra.- O mesmo que dixemos ó falarmos da importancia práuteca do estudo da xeografía de Galiza. Hai que dar preferencia ás cousas qu' han ter apricación eiquí, e que podan servir pró noso milloramento económeco.

N-esto a escola pode faguer unha outa obra social precurando pol-a conservación y-o milloramento das nosas pequenas industreas ruraes e caseiras, y-hastra adaptando outras novas do mesmo xeito que sexan axeitadas á nosa maneira de ser.

Eis un programa mínimo d' ensino primario galeguista, qu' a iniciativa filantrópica de cantos bós galegos sosteñen escolas na nosa Terra, pode moi ben acoller e levar á práuteca, faguedo co' elo un inmenso ben á nosa Santa Galiza.

VICENTE RISCO

2. Informe-programa de Vicente Risco para a creación dunha Escola Galega na cidade de Ourense por iniciativa da “Unión Orensana” da entidade de emigrados galegos en Bos Aires

a escola galega

Ten ao noso modo de ver tal importancia canto coa Escola Galega se relaciona que estimamos un deber adicar ao asunto a maior atención n'istas columnas.

Oportunamente demos a notiza da patriótica iniciativa de “Unión Orensana” entidade de emigrados galegos residentes en Bos Aires, no senso de establecer na mesma cidade de Ourense unha escola netamente galega rexentada pol-o Grupo Galeguista.

Non lle foron regateados d'aquela as nosas gabanzas. Hoxe insistimos, pra traer a istas columnas a carta dos patriotas emigrados e o interesante informe que con motivo d'ela, por encargo do Grupo ourensán emitiu o irmán e Mestre Vicente Risco, planeando a organización, orientación e funcionamento da Escola.

Coidamos que cantos teñen devoción pol-os problemas do ensino no lo han agradecer, porque ambos documentos teñen un gran valor e encerran non poucas sugerencias de grande utilidade.

Carta da “Unión Provincial Orensana”

Distinto irmán: A necesidade do ensino, pol-o vieiro natural da propia cultura, fainos pensar a nós na educación dos cidadanos galegos do porvir. E por elo, que a “Unión Provincial Orensana”, de Bos Aires, entidade ao servizo da cultura, acordou na súa derradeira asamblea, propiciar a creación d'unha Escola Galega en Ourense, e poñerse en relación con vostedes, pra poder desenrolar unha laboura de carácter popular, e unicamente cultural, n'ise senso.

Non escapan ao noso coñecemento as dificultades económicas, a máis d'outras de índole distinta que acarrea ista laboura; máis confiamos, e recorrimos ao voso patriotismo de galegos, e agardamos que coa nosa cativa axuda, e outras máis que se podan conquistar, hemos de poder dar comezo a unha obra de tanta trascendencia, pra o futuro desenrolo da cultura do pobo galego.

Pensando sempre na abnegación e sacrificio da muller galega, permitímonos pol-o tanto insiarvos que naide mellor que isa comisión de abnegados, e valentes patriotas que preside doña Celia Bouzas, da Peña Rey, pra poñerse

ao fronte da propaganda e administración d'unha laboura d'iste xeito. A que pode ser asesorada técnicamente por persoas como os señores Risco e Otero Pedrayo, tan coñecedores dos problemas do ensino.

Todo isto que nós vos insinuamos, veredes vós a forma mellor de convertilo en realidade; pra elo pol-o d'agora a nosa axuda económica serían en tempos regulares unhas 300 pesetas, cativa cantidade que vos comunicamos como base pra os cálculos económicos que sexan mester.

Agardando poder contar pra os primeiros do mes de Abril próisimo coa vosa contesta e cos datos que creades sexan percisos pra que a xuntanza de socios a facer nesa data poida ourentarse en col d'isto, saúdavos moi atentamente.

Firman, *J. Sánchez*, (Segredario) e Segredario Xeral (ilexible).

Bos Aires, 3 de Febreiro do 1934.

Informe do irmán Risco

No ano de 1921 por encárrago de III Asambreia Nacionalista, tida en Vigo nos días 16, 17 e 18 do mes d'Abril, fixen un "Plan Pedagóxico pr'a galeguización das Escolas", que se publicou nos números 6 e 7 do boletín "NOS" (agosto e outono do dito ano.)

Con arreglo a il, e aplicando ao caso presente, porei as seguintes bases:

I.- Local ou edifizo escolar

E o mais difizle e o mais costoso, mais é unha das cousas mais importantes. A doutrina corrente é que un local escolar ten que xuntar: condicións higiénicas, condicións estéticas e condicións pedagóxicas.

Pol-a premura do tempo e a importancia d'aproveital-a ocasión, seu maor dispendio, o Grupo Galeguista d'Ourense poidera ceder gratis o seu salón, posto que non-o utiliza nas horas de clase.

Mais compre ter en conta que iste local, ao menos pol-o inverno, non ten condicións, por insuficiencia de luz e por sobra de friaxe. De maneira que somentes d'un xeito provisoal e nos meses que van de primaveira a fin do outono poidera servir. No inverno é escuro, frío e tristeiro.

II.- Mobiliar

Isto é cousa mais doada, aunque eisixa gasto.

Debe ter mesas planas e cadeiras móveis. Os modelos pódense ter hoxe en calquera escola pública ou privada d'Ourense (eixempros: Grupo escolar Curros Enríquez, Colexio de Concepción Arenal).

III.- Material

Tamén eisixe gasto. Hai material que ten que ser da escola: Tablón, mapas, láminas, etc. Isto pódese reducir bastante. 2 ou 3 tablós; ou 4 ou 5 mapas

(Mapa-Mundi, Mapa d'Europa, Mapa d'España, Mapa de Galiza) son indispensábeis. Tamén algunhas láminas.

O outro: papel e cadernos pra escribir e dibuxar, lapice, pizarras, pizarris, libros, poder ser adequiridos pol-os nenos. Mais compre que haxa algo d'esto na escola pra algún neno que nono poida adequirir ou que s'atope sen elo n-un momento dado.

IV.- Escolante

O elemento decisivo no eisito da escola está no escolante. Un bó escolante fai a escola. Da escolleita do escolante pende todo.

Non abundan as condicións inteleituás e as condicións técnicas.

Ten que ser persoa seria, de garantía moral, de simpatía persoal, de don de xentes, que infunda confianza, que teña xeito e que teña experiencia.

Ten que ser un verdadeiro galeguista, qu'o leve no fondo da yalma e que seña prudente d'abondo pra non asustar á xente.

O escolante deberá ser ademais axudado no seu labor por todol-os irmáns que poidan, non precisamente intervindo na vida escolar -cantos menos interveñan millor- senón proporcionán-dolle todol-os informes, libros, material, consellos, que se lle poidan dar.

V.- Enseño

O programa escolar a ser como o de total-as escolas. Ora que debe comprender ademais:

O idioma galego.

A coñecencia integral da Terra Galega.

A coñecencia da Historia de Galiza.

A da arte e mais da literatura galega.

Do idioma falaremos aparte.

A) O ensino da Xeografía de Galiza debe ser previo a toda outra:

a) Nas espicacións de Xeografía xeral, os eixemplos deben ser escollidos sempre que se poida na Terra Galega.

b) Ensinarase a Xeografía de Galiza, despois a d'España e Portugal, despois a Universal.

B) As mesmas regras tocantes a Historia de Galiza.

a) Esta escomenzará con contos, leendas e tradicións galegas.

b) Seguirá a biografía de galegos ilustres.

c) Faranse visitas espicadas, a moimentos e museos.

d) Logo virá o ensino sistemático da Historia de Galiza, despois a d'España, e logo, se hai lugar, algo da Universal (D'esta e da d'España, pódese ir falando algo conforme s'estuda a de Galiza).

C) O aluno debe sair sabendo dos principás moimentos e obras d'arte galega, e os nomes, vidas e principás composiciós dos grandes escritores galegos.

Eu faría punto de partida de todo o ensino, o folklore ou tradición popular, da que os nenos xa traguesen coñecencia cando veñen a escola, d'un xeito un pouco semellante ao preconizado pol-o Instituto J. J. Rousseau de Ginebra. Asina:

Emprego dos contos e apólogos tradicionás galegos.

Idem. de ditos, refrás e cántigas referentes a pobos de Galiza en montes, ríos, etc. (Xeografía).

Idem. de leendas, tradición, coplas e anécdotas (Historia).

Idem. de cántigas, romances e outras mostras de literatura popular.

VI.- Métodos

O escolante que mereza a confianza dos orgaizadores, e se propoña desenrolar o programa que eiquí s'indica, debe ter liberdade pra empregar os métodos que millor lle pareza.

Mais débese ter en conta que ha de operar de cote en vista de eficacia e do resultado práctico, e non do deslumbramento que na xente poideran producir os métodos novos e raros.

VII.- Idioma

A escola terá de ser como é a vida n'Ourense: bilingüe.

Compre ter n-iso a máisima prodenza e ir con calma e agustiño.

O esencial é:

1º. Que os nenos salgan sabendo leer e interpretar a concencia calquera escrito galego moderno.

2º. Que de igual xeito deprendan a falar sin castelanismos.

3º. Que sepan redactar en galego cartas e outros documentos sinxelos.

4º. Que deprendan unhas cantas poesías antre as obras mestres do idioma.

En certo xeito, o ensino do galego e do castelán pódense paralelizar, cecais con gran ventaja pr'a coñecencia dos dous idiomas.

VIII.- Educación

N-iste punto a escola debe precurar desenrolar, antr'os caráutes hereditarios da raza galega, os millores, coma son:

Sereidade de xuicio.

Dureza pra o traballo.

Cachaza pra sofril-as penas.

Boa crianza (hoxe tan botada de perda, especialmente nas cibdades).

Prudenza.

Debe correxir os nosos vicios, coma son:

A homildeza excesiva.

O encollimento.

O eisaxerado individualismo.

A mintira.

A falla de limpeza.

O desprezo do propio e cega admiración pol-o alleo.

IX.- Disciplina

Na nosa Terra, a disciplina escolar non pode ser tan laxa como pretenden certas escolas d'outros países.

Iste debe ser asunto tamén do escolante, sen que perda de vista que os nenos deben adequerir unha estreita conciencia da súa responsabilidade en todol-os seus aitos.

X.- Xogos

Débense cultivar todol-os xogos tradicionás galegos, nos que hai moitos de gran valor educativo (adeviñas, problemas, xogos de memoria, trabalingo-as, etc).

Tamén nos xogos d'acción (sportivos) e nos representativos (con esceas e diálogos).

XI.- Cantos

Deberán ser escrusivamente cantos populares, prescindindo dos compostos, que solen ser ridículos.

XII.- Traballos manuais

N-iles deben entrar as artes tradicionás e outros traballos populares, talla en madeira, tecidos, flecos de mantas, etc.

XIII.- Paseos e excursiós

Débese aproveitar iste recurso cando se poida, vendo a maneira d'aproveitalos pra desenrolar o sentimento da natureza e da paisaxe.

Mais adiante, obtendo éisito, e podendo obter axuda económica, deberán-se fomentar as excursiós a difrentes puntos de Galiza, nas que os nenos, ade-

mais d'ir dependendo a coñeceren a súa terra, se puñeran en contacto cos d'outros sitios.

XIV.- Propaganda

Otendo éisito, débese facer a meirande propaganda posíbele da escola, pol-os procedimentos seguintes:

Artigos nos xornaes, e fotografías.

Esposicións de traballos.


Escursións a outros pobos.

Festas escolares. Visitas da xente a escola.

XV.- Final

Debo insistir:

- a) Na importancia do *factor persoal* (escolante).
- b) No decisivo da **eficacia** no adianto dos nenos.
- c) Na *calma e prudencia*, en todol-os ordes, con que ten que ser levada a cousa.



3. Un plan para la enseñanza de la historia

Como resumen de todo lo expuesto [referíndose a su manual *Elementos de Metodología de la Historia*] acerca de la enseñanza de la historia, pondremos aquí un plan racional para su desenvolvimiento.

La enseñanza de la historia comenzará desde la *entrada* del niño en la escuela, se *relacionará* con las demás enseñanzas y se desenvolverá *cíclicamente* en cuatro etapas principales, tomando como punto de concentración el *arte* y basándose en lo que el niño ya *sabe*. El desenvolvimiento será el siguiente:

1ª Etapa. (Período mítico). De los seis a los ocho años. Predominará la historia *local* y el método *narrativo*. Se hablará de historia especialmente una o dos veces a la semana, y se hará alusión a lo sabido con ocasión de otros estudios, para establecer conexión.

a) Se hará que los niños refieran: sus recuerdos personales; lo que sepan acerca de sus padres o de su familia; los cuentos, leyendas, consejos, tradiciones históricas o fabulosas que hayan oído contar; los dichos, frases, refranes, cantares, anécdotas que sepan; las vidas de personajes famosos y los sucesos importantes o raros de que tengan conocimiento.

El maestro les mostrará láminas, dibujos, fotografías que puedan servir para plastificar las imágenes de las personas o cosas que intervienen en el relato; ayudará a situar los acontecimientos en tal lugar o país, y en época antigua o moderna; les preguntará si encuentran diferencia entre aquellos acontecimientos y los que ocurren ahora y hará que las indiquen, repetirá alguno de los relatos en forma viva, plástica, patética, y referirá otros nuevos.

b) Se preguntará a los niños lo que saben por haberlo visto u oído, de los usos y costumbres del país: fiestas, bodas, bautizos, entierros, diversiones, trabajos del campo y oficios, etc. tal como existen o tal como han oído referir que eran en otro tiempo.

El maestro añadirá detalles que los niños no sepan, sobre todo de los usos antiguos. Luego hará que los niños busquen en los cuentos y narraciones que han contado, ejemplos de los usos y costumbres, con sus semejanzas y diferencias; en los refranes, cantares, etc. les hará que recuerden los que se refieren a estos usos y costumbres y sus variaciones históricas.

c) Los niños hablarán de la iglesia del pueblo, de los monumentos históricos o artísticos que existan en las cercanías, por humildes que sean, lugares ligados con las tradiciones locales, casas o propiedades notables, etc. y referirán lo que sepan acerca de su origen e historia.

El maestro referirá lo que sepan los niños acerca de estas cosas (noticias sencillas y siempre en forma de cuento). Luego hará que los niños recuerden

los relatos o leyendas, dichos, refranes o cantares que se refieran o relacionen con estos monumentos.

d) Otros datos históricos serán suministrados por la historia sagrada y por los cuadros, grabados, figuras, objetos que los niños por casualidad contemplen en su casa o en la escuela.

Al final, los niños tienen un esbozo ligero de la historia local y algunos puntos de referencia de la historia regional, nacional y universal.

En esta etapa, el maestro no explica propiamente las cosas, ni suministra más aclaraciones que aquellas que las preguntas de los niños le pidan, siempre ateniéndose a su preparación mental y al espíritu de este plan.

Los niños cuentan, escuchan, repiten, observan los objetos o representaciones que se les muestran, preguntan o son preguntados, resumen sus conocimientos acerca de un punto, procuran copiar algún objeto o dibujo. Es útil también que se les hagan dibujar de memoria objetos y monumentos conocidos para dar idea de ellos.

2ª Etapa. (Período narrativo). De los 8 a los 10 años. Predominará la historia regional y el método *narrativo*.

a) Los niños recordarán y recapitularán lo que saben de la etapa anterior, ya dispuesto en orden cronológico, con ayuda del maestro. Formarán el esquema de la historia local, que se irá ampliando y detallando en esta etapa y aclarando por su conexión con la regional.

El maestro irá evocando en sus espíritus sacándolas de las noticias que vayan adquiriendo, las nociones de familia, pueblo, región, nación.

b) Los niños recogerán y aportarán elementos folk-lóricos del país, recuerdos históricos de toda clase, objetos, láminas, mapas, documentos iconográficos, monedas, etc. para el Museo escolar. Harán dibujos de escudos, elementos arquitectónicos, artísticos u ornamentales que haya en el pueblo.

El maestro les ayudará en la ordenación y clasificación del material aportado; les hará observar y describir los objetos; les hará notar semejanzas y diferencias.

c) Los niños referirán lo que sepan o lo que averigüen acerca de personajes o sucesos de historia regional y también de la nacional y universal.

El maestro les ayudará en la ordenación cronológica y llenará los vacíos refiriendo cosas nuevas.

d) Se harán lecturas históricas, prefiriendo las fuentes directas que sean accesibles a la inteligencia de los niños, y el maestro hará que los niños las interpreten y hará las aclaraciones precisas.

Los niños se irán dando cuenta de las cosas por si mismos, estableciendo ellos las síntesis y las relaciones; el maestro los guía, pero no debe imponerles las ideas hechas, jamás debe dogmatizar y prejuzgar.

3ª Etapa. (Período crítico). De los 10 a los 12 años. Predominará la historia *nacional* y el método de *investigación*. Este método, que se ha iniciado en la etapa anterior con la recogida folk-lórica y la aportación de material por los niños, continúa en esta en la misma forma y se amplía con trabajos de investigación propiamente dichos.

a) Los niños recordarán, recapitularán y redactarán lo que saben de las etapas anteriores, dispuesto en orden cronológico y en cuadros de cultura. Formarán el esquema ampliado de la historia local y el de la historia regional.

El maestro les irá ayudando a formar y perfeccionar las nociones de la familia, pueblo, región, nación, humanidad, cultura, historia.

b) Se continuarán practicando la aportación del folk-lore y de objetos y representaciones históricas, y las lecturas de fuentes, con resúmenes escritos.

c) El maestro fijará una serie de puntos de la historia local, regional y nacional, que los niños se distribuirán entre sí según sus preferencias, individualmente o por grupos (mejor en ambas formas alternativamente) para investigar sobre ellos recogiendo noticias en libros, documentos, objetos, visitas a monumentos o museos, etc. haciendo papeletas, dibujos, mapas, que se reunirán después para ordenarlos, y al fin, redactarán o expondrán oralmente el resultado de su trabajo.

d) Se relacionará la historia local y la regional, ya más ampliadas, con la nacional, y con los sucesos de la universal que se conocen y se amplían y comparan los cuadros de cultura: precultura, cultura y civilización, cultura antigua y cultura occidental; cultura cristiana y cultura musulmana.

4ª Etapa. (Período sistemático). De los 12 a los 14 años. Predominará la historia *universal* y el método *comparativo*, ya iniciado en la etapa anterior al formar los cuadros de cultura.

a) Los niños recordarán, recapitularán y redactarán lo que saben de las etapas anteriores, dispuesto en orden cronológico y cuadros de cultura y formarán el esquema de la historia local, de la regional y de la nacional.

El maestro les guiará para perfeccionar las nociones de grupo social, humanidad, cultura, historia, sociedad, gobierno, religión, ciencia, etc.

b) Se continuarán practicando la recolección de folk-lore y de objetos para el Museo escolar, las lecturas de fuentes y obras literarias y los trabajos de investigación.

c) El maestro propondrá temas de redacción sobre comparaciones entre cuadros de cultura de distintas épocas y de distintos países, o determinados elementos culturales, sucesos, personajes, etc.

d) Se puede emplear un libro de texto, un corto resumen cronológico para ayudar a la memoria y servir de guía.

e) Se relacionará la historia local, regional y nacional con la universal; se completarán los cuadros de cultura, se irá haciendo descubrir la expresión de ellos en las formas artísticas: correspondencia del románico con el feudalismo, del gótico con el régimen comunal, del barroco con la monarquía absoluta, del neoclásico con el despotismo ilustrado, etc. Se formarán los cuadros de las culturas orientales y americanas primitivas.

No decimos, porque se supone, que en todas las etapas, las visitas a museos, monumentos y lugares históricos son absolutamente necesarias, siendo posibles.

También debemos advertir que la práctica de la investigación en su debida forma supone la existencia de una biblioteca y museo escolar o una biblioteca particular del maestro que los niños puedan utilizar. Más siempre hay medios de llegar a ello interesando a las familias y particulares en la labor de la escuela.

